

Cap. 5 – PRESENTE E FUTURO

O proxecto actual.

O pasado 29 de decembro do 2017 o DOG publicou un anuncio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria baixo este título:

RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2017, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o expediente para declarar a Ribeira Sacra ben de interese cultural, coa categoría de paisaxe cultural, e outros bens e manifestacións do patrimonio cultural material e inmaterial relacionados.

Como vemos, a teor do título, isto, de momento, non é máis ca unha proposta. Trátase de iniciar un expediente para declarar á Ribeira Sacra como BIC (Ben de Interese Cultural) na categoría de “Paisaxe cultural” e, aínda que se ordena a incoación dos bens de forma preventiva, dáse unha vixencia de tramitación de 24 meses. É dicir ata o mes de decembro do 2019 non será totalmente efectivo, pero non hai dúbidas de que será aprobado aínda que puidera haber algunha pequena modificación.

O estudo previo desta proposta, promovida pola D. X. de Patrimonio Cultural, foi levado a cabo, fundamentalmente, por un grupo de profesores universitarios coordinados polo Valedor do Pobo.

Basicamente trátase dunha ferramenta de protección e delimita o espazo a amparar, a maiores das declaracións particulares de certos bens (os máis monumentos arquitectónicos) os cales uns xa están catalogados de hai anos e outros se definen agora.

Unha orixinalidade deste texto é a incorporación dos bens que chama “exoámbitos”. Estes veñen sendo enclaves exteriores ó territorio da Ribeira Sacra, pero que complementan “a *significación cultural do territorio*”. Non están na Ribeira Sacra, pero teñen unha clara vinculación con ela á parte dunha relativa proximidade xeográfica.

A delimitación da zona (fronte as últimas que vimos, desmesuradas e lixeiras) resulta razoable e minuciosa. Fíxanse tres extremos lindeiros:

- no centro, ó oeste, facendo de vértice dun aparente ángulo, están Os Peares, a confluencia do Sil e o Miño;
- ó Norte, a presa do encoro de Belesar, e
- ó leste, o comezo do canon do Sil, concretado nas parroquias de Vilachá (Pobra de Brollón), pola beira dereita, e Torbeo (Ribas de Sil), pola esquerda.
- Ao mesmo tempo fíxase un perímetro, é dicir, o trazo que delimita o contorno, que queda establecido na liña do bordo da bocarribeira. Onde empezan as caídas das pendentes.

Como se pode ver o resultado é unha banda moi estreita, pero non nos debe estrañar. Unha “ribeira” é unha “ribeira”, unhas veces máis ampla, outras máis angosta, pero sempre unha realidade física limitada, non un soño de “promotores”.

O recurso (invención) dos “exoámbitos” permite axustar a demarcación ó que é estritamente a “paisaxe cultural”. Así, por exemplo, o territorio que está ó norte do encoro de Belesar e que antes se consideraba o que nós chamamos “zona primaria expansiva” por estar nela monumentos (entre outros) como a Colexiata de San Xoán de Portomarín ou as igrexas de San Facundo de Ribas de Miño ou de San Pedro de Bembibre, agora queda fóra da “paisaxe”, pero eses monumentos seguen a ter recoñecemento ó seren

considerados como “exoámbitos”.

Ademais da delimitación do territorio principal e dos “exoámbitos”, contempla unha terceira zona, exterior, que funcionará como área de amortecemento. É un bordo derredor, tanto ou máis ancho ca o principal, con certas cautelas para impedir que a Ribeira Sacra propiamente dita sexa prexudicada por algunha actuación exterior. Esa zona non é Ribeira Sacra, pero si unha prevención de defensa legal¹.

A disposición é certamente extensa. Son 99 páxinas do DOG, sendo destacable o feito de que as partes normativas non sobrepasan as 37 páxinas sendo o resto exposicións de motivos e informacións relevantes. Tanto que resulta aconsellable, para as persoas interesadas, a lectura do Anexo II (Descrición) ou, incluso, o Anexo I (Relación de bens).

Cando se presentou á sociedade esta Resolución moita prensa escrita e varias “webs” relacionadas co tema (incluso algunha de un organismo oficial) proclamaron que este novo BIC incluía 25 Concellos de Lugo e Ourense. Tal cousa non se axusta á realidade pois nin sequera considerando os exoámbitos se chega a esa cifra. A delimitación que se fai da Ribeira Sacra coma Paisaxe Cultural afecta a 13 Concellos, pero só de forma parcial pois non son eses territorios ó completo senón soamente unhas partes reducidas dos mesmos. Concretamente, 72 parroquias.

A pretensión de futuro

Cando ese BIC se confirme dentro duns meses terá un valor de seu, pero ademais será un paso previo para facilitar unha aspiración longamente contemplada. A de que a Ribeira Sacra sexa declarada pola UNESCO Patrimonio da Humanidade. Non é que o BIC sexa un requisito regulamentario necesario, pero a experiencia di que tendo ese tratamento a cousa pode ser máis doada. Lévanse anos traballando nese sentido por parte da Consellería de Cultura, do Valedor do pobo e de equipos diversos, pero ata o momento non se conseguiu o obxectivo.

Dende 2015 o Canón do Sil pertence á Rede Natura 2000, na categoría de Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) en virtude dun Decreto da Xunta en aplicación dunha Directiva de 1992 da CEE.

Centrándonos no que neste traballo nos interesa diremos que non sabemos cal será a delimitación dese futuro Patrimonio, pero todo fai pensar que será o mesmo do BIC (quizais con algún retoque) dado a seriedade e respecto con que este foi traballado.

Remate

Se a Declaración da UNESCO chega a bo porto e as delimitacións quedan coma as da Proposta de BIC as visións da Ribeira Sacra quedarán reducidas a dúas: a desa “**Paisaxe Cultural**” e a da “**Denominación de Orixe**” vitivinícola. Esta será máis ampla que aquela, pero sempre serán cousas distintas. As outras varias que poidan quedar non serán máis que elementos circunstanciais sen valor propio.

Así a todo, as distintas adscricións sempre poderán ser aceptables, pero a condición de que non se esqueza o desenrolo do proceso nin o fondo do asunto.

¹ A Ribeira Sacra desta Resolución ocupa 17 474 has. E a Zona de amortecemento, 31 979.